

CEIP As
Bizocas

PROXECTO LINGÜÍSTICO
DE CENTRO



Cursos 2023/27



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. MARCO LEGISLATIVO	3
3. BREVE ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO	6
3.1 O contorno sociolingüístico do centro	
3.2 A situación do profesorado	
3.3 A situación do alumnado	
3.3 A situación lingüística do centro	
4. PRIORIDADES	9
5. OBXECTIVOS XERAIS	10
5.1 Obxectivos encamiñados a enriquecer o contorno sociolingüístico do centro.	
5.2 Obxectivos encamiñados a potenciar no profesorado unha actitude normalizadora da lingua a súa actividade docente.	
5.3 Obxectivos encamiñados a normalizar a situación do alumnado.	
5.3 Obxectivos referidos á mellora das condicións lingüísticas do centro.	
6. DECISIÓN DO CENTRO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA	14
7. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN	15
8. RESULTADOS DAS ENQUISAS ÁS FAMILIAS, ALUMNADO E PROFESORADO	16



1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Lingüístico fundaméntase na conexión das áreas e nos ámbitos interdisciplinares de comunicación. Asúa posta en práctica depende do grao de convencemento de que ensinar a falar, ler e escribir non é só responsabilidade do profesorado da área de Lingua Galega ou unha ocupación para un momento do día.

A integración queda xustificada polo feito de que a linguaxe se desenvolve en contextos comunicativos e de que o dominio da lingua condiciona toda a aprendizaxe. Ademais, temos que ter en conta que as habilidades lingüísticas adquiridas na materia de Lingua Galega son transferibles a moitas outras situacións que ofrecen oportunidades para usar a linguaxena vida real.

2. MARCO LEGISLATIVO

- A **Constitución Española de 1978** no art. 3 epígrafes 2 e 3 di: "2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos. 3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección".
- A **Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril**, do Estatuto de Autonomía para Galicia recolle a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normalizado do galego e de potenciar en todos os planos da vida pública, cultural e formativa, así como de dispor os medios para facilitar o seu coñecemento, e de que a Administración educativa procure fomentar o uso da lingua propia da comunidade autónoma en distintos espazos e situacións de comunicación dos centros educativos.
- A **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística, art. 12 establece que "o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos"; así mesmo, establece que "O Goberno galego arbitrará as



medidas necesarias para facer efectivo este dereito" (art. 13) e que "as autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que, ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade cocastelán" (artigo 14.3).

- A **Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias**, feita en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992 e ratificada por España, prevé que a educación preescolar, primaria e secundaria se garantan nas linguas rexionais ou minoritarias (art. 8).
- O **Plan xeral de normalización da lingua galega**, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, conclúe que a nova realidade social en que nos movemos e os novos retos que nos propón demandan que o uso do galego se prolongue na contorna que rodea ós centros, de xeito que a mocidade galega atope nel espazos onde se comunicar con normalidade na lingua propia de Galicia. Asemade, anímanos a recoñecer que, dado que a nosa é unha lingua de futuro, debe ser presentada como tal, relacionándoa con ámbitos de interese para a mocidade.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia aposta por afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino e por reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz.
- A **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación establece o logro da competencia nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma con idioma propio como unha das finalidades da educación.
- **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro**, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. (LOMLOE).



- **Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo**, polo que se establecen a ordenación e ensinanzas mínimas da educación primaria. No art. 7. Onde se recollen os obxectivos, no epígrafe e di:” Coñecer e utilizar de maneira apropiada a linguacastelá e, se a houbese, a lingua cooficial da comunidade autónoma”.
- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, art.7 “Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a linguacastelá e desenvolver hábitos de lectura”, art.9 “4. A área de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.
- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. No art. 7. Obxectivos da etapa, epígrafe i aparece: “Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.”

Ademais das previsións normativas, cómpre ter en conta que os estudos máis actualizados sobre a adquisición de idiomas revelan que esta se fai, en boa medida, nas variadas situacións de comunicación que se producen fóra das aulas de lingua e que é imprescindible o uso do galego en diferentes contextos para acadar o seu pleno dominio.

O presente documento formula pois, os obxectivos e as medidas a adoptar para as ensinanzas de educación infantil e primaria que se impartirán no centro dende o curso 2023/2024 ata o curso 2026/2027, tal e como se regula no mencionado Decreto. Amais disto, elaboráraseo inicio de cada curso escolar unha addenda na cal se concretarán as liñas e actividades para ese ano académico, en función dos principios explicitados neste documento.

Estas actividades tamén se concentrarán no Proxecto de Fomento do Galego elaborado polo Equipo de Dinamización e na PXA elaborada pola Dirección do centro.



3. BREVE ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO

Partindo da análise desenvolvida sobre a lingua predominante no centro, dicir que continuaremos desenvolvendo unha análise de tres índices que consideramos importantes para o bocoñecemento da nosa realidade.

No desenvolvemento de dita análise empregaremos, ademais da observación constante e sistemática da comunidade educativa, a realización de enquisas participativas ao longo dos cursos que nos permitan elaborar un diagnóstico da situación actual do noso centro para logo determinar a lingua predominante no contorno.

No presente curso e de cara a obter datos actualizados para á elaboración deste proxecto realizamos unha enquisa, amosamos os resultados da mesma ao final deste documento.

Os tres índices que imos analizar son os seguintes:

3.1 A contorna sociolingüística do centro

- Lingua empregada habitualmente polas familias.
- Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias.
- Lingua empregada polo Concello.
- Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno
- Lingua empregada polo centro na documentación, comunicacións e rotulacións.
- Dotación de fondos en galego na biblioteca.
- A presenza do alumnado inmigrante no centro e a súa competencia comunicativa.

Con respecto ao **contexto sociolingüístico do centro**, sinalar que o CEIP As Bizocas está situado no concello de O Grove, concretamente na localidade de Balea, dentro da comarca do Salnés, nun entorno que **era maioritariamente galego falante pero está diminuindo na xente xoven e na rapazada. O galego é a lingua vehicular na expresión oral entre a xente adulta/maior pero perde esta condición na xuventude e infancia.**



Esta situación, tal e como amosan os resultados da enquisa, tende a cambiar e cada vez a presenza do galego no entorno e menor. En especial no ambiente familiar máis “directo” (pais/nais).

Porén, un gran número de alumnado do centro empregan o castelán como lingua materna e só o galego cando se lle require. Destacar que no centro conflúen nen@s procedentes das zonas limítrofes: San Vicente, Reboredo, Balea e algúns de O Grove, cada vez máis.

O centro imparte as etapas de Educación Infantil e Primaria.

3.2 A situación do profesorado

- Lingua habitual na vida cotiá.
- Nivel de capacitación para o emprego do galego na actividade docente.
- Disposición para facer cursos de reciclaxe.
- Actitudes cara a utilización do galego e a súa normalización social.

Unha boa parte do profesorado que compón a grella do centro adoita empregar o galego como lingua predominante de comunicación. Se ben cabe salientar que aínda que unha pequena parte do profesorado é castelán falante, realizan a súa labor docente en galego, especialmente en educación infantil con ambiente familiar castelán falante, aspecto que se tentará reducir a medida que adquiran maior competencia lingüística en galego.

Neste sentido cabe destacar que existe unha alta dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego e que, sempre que é posible, a maioría do profesorado empregan esta lingua nas conversas que manteñen coas familias, alumnado, compañeiros e persoal non docente.

3.3 A situación do alumnado

- Lingua utilizada polo alumnado na vida cotiá.
- Lingua utilizada no ámbito escolar.
- Competencia comunicativa en galego en cada etapa.
- Actitudes cara á normalización do galego.



Temos que reiterar que hai uns anos o alumnado galego falante era maioritario no centro, pero co paso dos cursos **atopámonos con máis alumnado que emprega o castelán como lingua habitual**. No curso actual preto dun 70% son castelán falantes. Neste sentido debemos traballar especialmente a normalización e dinamización en educación infantil e en 1º e 2º de primaria, xa que son nestes niveis onde o número de castelán falantes é maior (excepto 4º de Educación Infantil como xa mencionamos) . Este feito leva consigo a necesidade de presentar maior atención aos posibles desequilibrios sociolingüísticos que se puideran producir.

É preciso recordar que o enclave xeográfico da zona é dinámico por ser centro turístico de referencia en Galicia, polo que a demanda laboral é variada e cosmopolita.

A presenza do galego na vida do alumnado, reflexa unha situación preocupante, xa que, a pesar de estar presente, os datos que se arrojan do seu uso por segmentos de idade, reflicten que a poboación mais nova é a que menos a emprega como lingua habitual oral e escrita.

Como aspecto positivo salienta que cando introducimos o galego en diversas situacións na aula ou noutros contextos mais lúdicos, observamos que certo número de alumnado anímase a empregalo ou tentan facelo cando ven que ao alumnado que o tenta o profesorado o felicita e anima a seguir utilizandolo.

3.4. Situación lingüística do centro

A presenza ambiental do galego no centro, é un aspecto importante, pois serve dalgún xeito para indicar en qué medida o centro é, ou non, un contexto favorable para a súa utilización. Podemos destacar a presenza do galego: na documentación



administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros,...; nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións; nas interaccións co alumnado en contextos informais; no seu uso por parte do persoal non docente e por parte da ANPA; na realización das actividades extraescolares; na dotación de fondos para recursos en galego da biblioteca; no emprego das TIC's; e na visibilidade das accións do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Tendo en conta estes aspectos e as conclusións derivadas da enquisa realizada ao inicio do presente curso, no noso centro atopámonos nunha situación complexa; **a presenza e uso do galego é cada vez menor**, algo que xustifica a intención por parte do centro de seguir empregando o galego como lingua vehicular e aumentar, dentro da legalidade actual, o número de materias impartidas en galego.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, tendo en conta que o alumnado debe ter plena competencia no emprego das dúas linguas, considera moi recomendables as actuacións dirixidas á **eliminación dos prexuizos lingüísticos cara ó galego e a compensar o emprego minoritario da nosa lingua**. Este é un dos obxectivos establecidos no Proxecto Lingüístico actualizado neste curso.

4. PRIORIDADES

- Promover a análise crítica mediante a información argumentada para desmontar prexuizos existentes cara aogalego e para promover actitudes favorables de cara o seu uso.
- Sensibilizar ás familias para que transmitan o galegoaosfillos/as e que a lingua galega se use nasinteraccións familiares. Guialos sobre as vantaxes de que os nenos/as coñezan a lingua galega, así como da conveniencia de que a adquiran de



forma temperá, como mellor garantía para que se instalen nela de xeito adecuado e poidandespois acceder a outros idiomas.

- Promover a creación dun ambiente que favoreza a convivencia lingüística na vida cotiá do centro.
- Fomentar o galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas.
- Incentivar ao alumnado procedente do estranxeiro e ássúas familias cara ao achegamento á nosalingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega.
- Colaborar con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- Promover o interese e a curiosidade por outraslinguas e culturas distintas da propia e fomentar actitudes de respecto cara aos seus falantes.

5. OBXECTIVOS XERAIS

Á hora de realizar a programación, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica e tendo en conta as características sociolingüísticas do centro, así como o marco lexislativo en relación ao plurilingüismo, sinala como obxectivo básico que o alumnado consiga as competencias lingüísticas por igual nas dúas linguas.

Por iso hai que priorizar á hora de programar moitas actividades de expresión oral, por ser un dos aspectos máis desfavorecidos da área verbal. Compre crear un ambiente sensibilizado coa utilización do galego, libre de prexuízos lingüísticos, valorando e favorecendo as actitudes normalizadoras. Estas actividades deben de deseñarse a longo prazo, establecendo unha temporalización plurianual para as mesmas.

Todas estas actividades deberán, así mesmo, ir na procura dos seguintes obxectivos:



5.1. Obxectivos encamiñados a enriquecer o contorno sociolingüístico do centro

- Potenciar o uso do galego en todas as actividades do centro.
- Dinamizar dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega a lingua cara ás relacións co exterior do centro.
- Participar nas actividades propostas polo Concello e as institucións do entorno, como AAVV, ANPA..
- Participar nas campañas de normalización lingüísticas propostas por outros organismos oficiais como Planificación Lingüística, Consellería de Cultura...
- Informar aos pais/nais do alumnado da situación sociolingüística do centro e da situación legal vixente que regula o ensino da lingua galega.
- Fomentar a participación activa das familias en actividades de portas abertas do centro, as cales serven para a difusión e valoración da lingua galega.
- Establecer intercambios culturais con outro centros.

5.2. Obxectivos encamiñados a potenciar no profesorado unha actitude normalizadora da lingua galega na súa actividade docente

Como amosaron os resultados das enquisas , o profesorado presenta unha boa disposición e habilitación profesional cara ao emprego da lingua e cultura galegas.

A isto temos que engadirlle un dato favorecedor da normalización: todos os membros do claustro colaboraran cada ano nas propostas que dende o Equipo de Dinamización da lingua Galega se realicen.

- Seguir fomentando o compromiso do profesorado para traballar pola normalización da lingua galega.
- Procurar na medida do posible a adquisición de materiais didácticos e fondos bibliográficos de consulta e lectura en galego.
- Utilizar a lingua galega nos itinerarios lectores.
- Potenciar a elaboración de textos orais e escritos en galego dentro das actividades que se programen ao longo do curso.
- Continuar dinamizando o Claustro para a súa participación en actividades formativas relacionadas coa lingua.



5.3. Obxectivos encamiñados a normalizar a situación do alumnado

Segundo a análise sociolingüística realizada nas enquisas, antes mencionadas, comprobamos que a lingua materna maioritaria do alumnado do centro é o castelán; por iso os obxectivos teñen que ir encamiñados a que adquiran unha boa competencia lingüística na dúas linguas oficiais. Como observamos nos resultados da enquisa a tendencia a medrar a presenza de pais/nais castelán falantes será necesario facer un seguimento desta situación.

Neste caso o castelán necesita unhas actuacións específicas para chegar a acadar as competencias necesarias..

- Aproveitar as interferencias lingüísticas para reflexionar sobre as semellanzas e diferenzas entre os dous códigos.
- Informar ás familias do alumnado dos obxectivos que se perseguen e buscar a súa colaboración.
- Coidar que o alumnado galegofalante manteña o seu idioma avanzando no dominio da segunda lingua.
- Usar ambas linguas en certas actividades para crear contextos atractivos que inviten á súa utilización.
- Valorar publicamente os avances que se vaian facendo no emprego do galego.
- Fomentar a utilización do galego en actividades de carácter creativo: contos, banda deseñada, creacións teatrais...
- Aproveitar a presenza de alumnado inmigrante ou de outras nacionalidades para abordar o tema da diversidade cultural e plurilingüismo e constatar as vantaxes que ten o dominio de máis dunha lingua

5.4. Obxectivos referidos á mellora das condicións lingüísticas do centro

No contorno administrativo do centro é onde se amosan os resultados máis positivos en canto á normalización do galego. En consecuencia propónse unha liña continuista no tocante aos obxectivos deste apartado.



- Seguirase empregando a lingua galega en todas as accións relacionadas coa organización, xestión e administración do centro.
- A lingua vehicular de comunicación coas entidades públicas ou privadas coas que o centro manteña relación será o galego.
- Informar ao Claustro e ao Consello Escolar sobre os resultados dos estudos sociolingüísticos levados a cabo polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro e informarles sobre as diferentes disposicións e instrucións que vaian aparecendo na lexislación de referencia.
- Aproveitar todas as posibilidades que se nos presenten na relación coa sociedade do contorno: excursións, visitas, saídas, charlas, relacións cos medios de comunicación... pois son una oportunidade para o emprego das dúas linguas e para que se comprobe a súa validez plena para as actividades da vida diaria.
- Fomentar a realización de proxectos que impliquen varias materias coa introdución da terceira lingua.



6. DECISIÓN DO CENTRO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

LINGUA NA QUE SE IMPARTE CADA MATERIA											
	LG	LC	MAT	CS	CN	LE	V.C.E	REL/PC	E. ARTIS	EF	
1º E P	4	4	5	2	3	2	X	1	1	1	2
2º E P	4	4	5	3	2	2	X	1	1	1	2
3º E P	4	4	4	2	3	3	X	1	1	1	2
4º E P	4	4	4	3	2	3	X	1	1	1	2
5º E P	4	4	4	2	3	3	X	1	1	1	2
6º E P	4	4	4	2	2	3	1	1	1	1	2
GALEGO											
CASTELÁN											
INGLÉS											

No 1º ciclo de EP a plática impartese en inglés por ser sección bilingüe.

REPARTO HORAS POR IDIOMA EN CADA CURSO						
	SESIÓNS EN GALEGO	% EN GALEGO	SESIÓNS EN CASTELÁN	% EN CASTELÁN	SESIÓNS EN INGLÉS	% EN INGLÉS
1º E P	11	44%	11	44%	3 (1)	12%
2º E P	11	44%	11	44%	3 (1)	12%
3º E P	11	44%	11	44%	3	12%
4º E P	11	44%	11	44%	3	12%
5º E P	11	44%	11	44%	3	12%
6º E P	11	44%	11	44%	3	12%




7. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

Nunha contorna maioritariamente galego falante pola parte da poboación adulta e minoritaria por parte da rapazada, como é o noso, débense ter en conta os seguintes aspectos:

- Nestas etapas é esencial a dimensión oral da lingua para iniciar logo o proceso de lectoescritura. O alumnado debe escoitar abundantes mensaxes orais en ámbalas dúas linguas por parte do profesorado.
- Se as actividades relacionadas coa lectoescritura se comezan facendo en galego, deben ir desenvolvéndose paralelamente en castelán (só cun mínimo desfase temporal), facendo fincapé nas especificidades propias de cada unha das linguas (como tal, os fonemas que non son comúns, as variacións léxicas e morfolóxicas...).
- No caso do alumnado inmigrante, aplicar o plan de acollida lingüística elaborado dende o centro.
- Con respecto ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo a colaboración e a valoración individual do mesmo, dará as pautas a seguir en cada caso.
- Incremento no reparto de horas para impartir materias fomentando a lingua menos utilizada.




RESULTADOS DA ENQUISA DAS FAMILIAS







EN QUE LINGUA FALA A OS AVÓ/A PATERNOS?




CAL É A LINGUA HABITUAL DA NAI?








**EN QUE LINGUA LLE FALAN MAIORITARIAMENTE A VOSA/O
FILLO/A OUTRAS PERSOAS PRÓXIMAS: TÍOS/AS, VECIÑOS/AS,
CURMÁNS/ÁS... ?**




QUE LINGUA USO O/A VOSO/A FILLO/A?






EN QUE LINGUA APRENDEU A FALAR O SEU FILLO/A?





QUE LINGUA SE FALA HABITUALMENTE NA VOSA CASA?






O/A VOSO/A FILLO/A MOSTRA BOA DISPOSICIÓN A HORA DE FALAR GALEGO?






RESULTADOS DA ENQUISA DO ALUMNADO





RESULTADO DA ENQUISA DO PROFESORADO





Este documento foi elaborado polo equipo directivo, revisado na CCP,
aprobado en claustro e CE e remitido a inspección educativa nas
seguintes datas:

REVISIÓN POLA CCP: 21/11/2023

APROBADO EN CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR: 05/12/2023

REMISIÓN A INSPECCIÓN EDUCATIVA: 11/12/2023